CONCELLO DE SANTIAGO

COMPOSTELA ABERTA

ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A SEGURIDADE VIARIA NO PASO DO CAMIÑO DE SANTIAGO INGLÉS POLA PARROQUIA DE MARANTES

Recentemente a asociación veciñal Rego das Pedras, da parroquia de Marantes, informou á concellaría de Medio Rural da existencia dun tramo perigoso do Camiño Inglés ao seu paso polo núcleo de Cortos:

Tras informar ao departamento de tráfico de este perigo, dito departamento levou a cabo unha serie de intervencións o pasado mes de agosto que consistiron en: repintar as marcas viarias e cambiando a velocidade máxima a 50km/h e incluso a 30km/h, pero seguimos apreciando que estas últimas actuacións levadas a cabo non solucionaron o problema dado que os vehículos seguen pasando a unha velocidade moi elevada.

Dende o propio departamento de tráfico nos indican que a solución para mellorar a seguridade vial para os veciños e os peregrinos é a creación de unha beirarrúa na marxe esquerda dirección Berdía.

Polo que procedemos a explicar a proposta da asociación de veciños para que vostede como concelleiro responsable do Medio Rural valore a posibilidade de levar a cabo dita actuación.

Trátase de executar una beirarrúa de uns 370ml (aproximadamente) e dous pasos de peóns elevados para poder así obrigar aos vehículos a reducir a velocidade ao seu paso polo núcleo de Cortos.

No caso de levar a cabo a execución da beirarrúa proposta, sería interesante incluír a ampliación da rede de saneamento. Actuación que resultaría sinxela gracias a proximidade do último pozo da rede de saneamento existente e gracias tamén a topografía do terreo, favorecendo coa pendente cara ese pozo existente. Polo que a ampliación de dita rede sería toda por gravidade.

Dando así a posibilidade de ter o servizo de saneamento ao núcleo de Cortos con un total de 16 vivendas. Según a nosa proposta serían aproximadamente 373 ml de tubeiras cos seus correspondentes pozos de rexistro.

No mesmo escrito anexaban unha proposta pensada desde a veciñanza do lugar e tamén fotografías da situación actual onde se pode observar a perigosidade do tramo.

Tendo en conta todoo anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta **SOLICITA:**

- **Que se tomen medidas por parte do Concello de Santiago para solucionar os problemas de seguridade viaria existentes no lugar de Cortos e comunicados pola AVV Rego das Pedras ao concelleiro de Medio Rural**

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Jorge Duarte Vázquez

Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta